



**Facultade de Enfermaría e Podoloxía**  
**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**GRAO EN ENFERMERÍA**

**TRABALLO DE FIN DE GRAO ENFERMERÍA**

**Curso académico 2015/2016**

**Deseño dun proxecto para a elaboración dun  
programa de atención ó loito para coidadores  
de pacientes en coidados paliativos  
domiciliarios**

**Rebeca Moreira Rey**

**Xuño 2016**

**TITORAS DO TRABALLO DE FIN DE GRAO**

Dna. Montserrat Pena Martínez

Dna. María Jesús Movilla Fernández

## ÍNDICE

ÍNDICE DE FIGURAS.....	5
ÍNDICE DE TÁBOAS.....	5
ÍNDICE DE ANEXOS.....	5
ÍNDICE DE ABREVIATURAS.....	6
1. TÍTULO E RESUMO DO PROXECTO.....	7
2. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA.....	7
2.1 Xustificación.....	12
3. ESTRATEXIA DE BUSCA DE DOCUMENTACIÓN E BIBLIOGRAFÍA MÁIS RELEVANTE.....	13
3.1 Estratexia de busca.....	13
3.2 Bibliografía máis relevante.....	14
4. HIPÓTESE.....	15
5. OBXECTIVOS.....	16
5.1 Obxectivo xeral.....	16
5.2 Obxectivos específicos.....	16
6. METODOLOXÍA.....	16
6.1 Posición da investigadora.....	16
6.2 Tipo de estudio.....	17
6.3 Entrada ao campo.....	18
6.4 Selección de informantes.....	18
6.5 Recollida de información.....	20
6.6 Estratexia de análise de datos.....	22
6.7 Limitacións e fortalezas do estudo.....	24
6.8 Aplicabilidade.....	24
7. PLAN DE TRABALLO.....	25

8. ASPECTOS ÉTICOS .....	26
9. PLAN DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS .....	26
10. FINANCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN.....	28
10.1 Recursos necesarios .....	28
10.2 Posibles fontes de financiamento. ....	30
11. BIBLIOGRAFÍA .....	32
12. ANEXOS.....	36

## ÍNDICE DE FIGURAS

Figura I Recollida de información.....	20
Figura II Proceso de entrevista a cuidadores .....	21

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa I Criterios de inclusión e exclusión de HADO Ferrol.....	10
Táboa II Estratexia de busca bibliográfica. ....	14
Táboa III Criterios de inclusión e exclusión no estudo .....	19
Táboa IV Sistema de codificación de datos .....	23
Táboa V Recursos necesarios e presuposto .....	29

## ÍNDICE DE ANEXOS

ANEXO I. Compromiso do investigador colaborador .....	37
ANEXO II. Folla informativa sobre proxecto de investigación .....	38
ANEXO III. Documento de consentimento informado para a participación no estudo de investigación .....	41
ANEXO IV. Mapa de cobertura de HADO.....	42
ANEXO V. Entrevista a cuidadores.....	43
ANEXO VI. Carta de presentación ao CAIG .....	44
ANEXO VII. Solicitud de acceso á poboación de estudo. Xerencia Xestión Integrada de Ferrol. Traballo de Fin de Grao 2015-2016.....	45
ANEXO VIII. Solicitud de permiso á dirección do CHUF para a realización do proxecto de investigación. ....	48
ANEXO IX. Autorización por parte do CHUF para a realización do proxecto de investigación.....	49
ANEXO X. Solicitud de permiso á dirección dos CS para a realización do proxecto de investigación .....	50
ANEXO XI. Autorización por parte dos CS para a realización do proxecto de investigación.....	51

## ÍNDICE DE ABREVIATURAS

AP: Atención primaria.

CAEIG: Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia.

CHUF: Complejo Hospitalario de Ferrol.

CI: Consentimento informado.

CP: Coidados paliativos.

CS: Centros de saúde.

FAECAP: Federación de Asociacions de Enfermería Comunitaria e Atención Primaria.

FI: Factor de Impacto.

HADO: Hospitalización a Domicilio.

JCR: Journal Citation Reports.

LC: Loito complicado

OMS: Organización Mundial da Saúde.

PAC: Punto de atención continuada.

SECPAL: Sociedade Española de Coidados Paliativos.

SERGAS: Servicio Galego de Saúde.

SNS: Sistema Nacional de Saúde.

SUG: Sistema Universitario de Galicia.

UCP: Unidade de coidados paliativos.

UDC: Universidade da Coruña.

## 1. TÍTULO E RESUMO DO PROXECTO

“Deseño dun estudo sobre a atención ao loito para cuidadores de pacientes en cuidados paliativos domiciliarios”

### Resumo

**Obxectivo:** identificar as necesidades psicosociais percibidas polos cuidadores informais que inician o proceso de loito tralo falecemento do paciente en Cuidados Paliativos domiciliarios.

**Metodoloxía:** estudo cualitativo fundamentado nos supostos da teoría crítica no que se empregará unha estratexia de investigación acción-participación. Os participantes serán cuidadores informais que inician o proceso de loito tralo falecemento do paciente en cuidados paliativos domiciliarios, así como profesionais de enfermería pertencentes a distintos centros de saúde da Área Sanitaria de Ferrol.

**Palabras clave:** cuidados paliativos, cuidador informal, loito, hospitalización a domicilio.

### Abstract

**Objective:** to identify psychosocial necessities perceived by informal caregivers who start a grief process after the death of the patient in domiciliary Palliative Care

**Methodology:** qualitative study based on critical theory postulation in which an action-participation strategy of investigation will be used. Participants will be informal caregivers who start a grief process after the death of the patient in domiciliary Palliative Care, and nursing professionals relative to different health centres of the Ferrol Sanitary Area.

**Keywords:** palliative care, informal caregiver, grief, hospital at home.

## 2. ANTECEDENTES E ESTADO ACTUAL DO TEMA

O concepto de cuidados paliativos (CP) foi evolucionando ao longo do tempo. Na actualidade, a Organización mundial da saúde (OMS) defíneos como “o modo de abordar a enfermidade avanzada e incurable que

pretende mellorar a calidade de vida tanto dos pacientes que afrontan a enfermidade como das súas familias, mediante a prevención e o alivio do sufrimento a través dun diagnóstico precoz, unha avaliación axeitada e o oportuno tratamento da dor e doutros problemas tanto físicos como psicosociais e espirituais”<sup>1</sup>.

A nivel mundial, estímase que ao redor de 20 millóns de persoas precisan de CP ao final da vida<sup>1</sup>. Os datos referentes á Comunidade Autónoma de Galicia son limitados debido a un escaso rexistro nos sistemas de información de Atención Primaria (AP). Con todo, atopamos porcentaxes de persoas atendidas por equipos, unidades ou servizos hospitalarios de CP respecto a poboación estimada por AP, que sinalan a crecente tendencia de persoas con este tipo de necesidades (17.9% en 2007 e 19.2% en 2008). Dito crecemento vai acorde o envellecemento progresivo da poboación da nosa comunidade<sup>2,3,4</sup>.

Aproximadamente unha terceira parte das persoas que precisan coidados paliativos ten cáncer, mentres que o resto da poboación sofre enfermidades clasificadas como crónicas avanzadas evolutivas non oncolóxicas. Dentro deste grupo atopamos pacientes con insuficiencias orgánicas, demencias e outros procesos neurolóxicos, ictus, SIDA e o chamado paciente xeriátrico. O Sistema Nacional de Saúde (SNS) distingue un terceiro colectivo que son os pacientes pediátricos, nos cales os CP contan cunha serie de características especiais debido a insuficiente preparación da sociedade para a morte dun neno<sup>1,4,6</sup>.

En Galicia cóntase cunha Rede Integrada de CP formada por un conxunto de dispositivos cuxo obxectivo é a atención das persoas con necesidades paliativas e das súas familias. Na actualidade dispónse de<sup>5,7</sup>:

- 391 Unidades de AP e 89 puntos de atención continuada (PAC).
- 7 Unidades de Coidados Paliativos (UCP) no ámbito hospitalario en: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra, Vigo e Lugo.



- 14 Unidades de Atención a Domicilio, das cales 11 son a nivel hospitalario (Hospitalización a domicilio HADO) e 3 de dedicación exclusiva a CP oncolóxicos.

É requisito indispensable, para lograr uns CP efectivos, a boa coordinación dos recursos anteriormente citados, o que, así mesmo, proporcionará ao paciente e familia unha percepción de continuidade asistencial<sup>5,6</sup>.

Este é un dos obxectivos reflexados na Estratexia Sergas 2014, na cal se insiste sobre a necesidade de prestarlle aos pacientes crónicos unha atención sustentada na continuidade asistencial, coa estreita coordinación entre AP e a atención hospitalaria, e de ambas cos Servicios Sociais<sup>8</sup>. Ademais, este tipo de pacientes deberán ter garantida a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, tendo en conta os tempos de atención e forma segundo as diferentes patoloxías, a atención e hospitalización domiciliaria e os coidados paliativos<sup>9,10</sup>.

Polo tanto, as unidades anteriormente citadas, faranse cargo das persoas que se atopen nunha situación de enfermidade avanzada e complexa que teñan un pronóstico de vida limitado, así como das súas familias. Dende AP realizarase un correcto seguimento e intervención seguindo os criterios definidos no Protocolo de actividade de AP do Servicio Galego de Saúde (SERGAS) que incluírá a atención no proceso de morrer e o loito<sup>5</sup>.

Por outra parte, as UCP contarán con pacientes que precisen control e estabilización sintomática, apoio psicosocial e espiritual e aqueles cuxa esperanza de vida se estime inferior a 24 horas e o seu ingreso supoña un beneficio directo para a unidade paciente-familia. O ingreso neste tipo de unidades debe ser sempre consensuado e cuns obxectivos previamente fixados entre os profesionais e a unidade paciente-familia<sup>5</sup>.

HADO será a responsable de prestar atención ós pacientes derivados por AP, centros sociosanitarios ou atención especializada, que estean en situacións que requiran unha vixilancia activa e unha asistencia complexa propias dun hospital, nas que se considere o domicilio como o mellor lugar terapéutico para o paciente<sup>5,6,7,11</sup>.

Existen diversos criterios de inclusión nos diferentes dispositivos de atención de CP na nosa comunidade. En HADO será necesaria e imprescindible a aceptación por parte da familia e o paciente, e sempre e cando o domicilio estea en cobertura de dito servicio. Outro dos requisitos indispensables é a presenza dun coidador principal que se responsabilice do paciente<sup>7,11</sup>.

O presente traballo, centrarase na actividade de HADO Ferrol, servizo que, segundo a Memoria 2012 da Área Sanitaria de Ferrol<sup>12</sup>, atendeu no 2012, 279 ingresos, realizando 1868 consultas médicas e 2201 consultas de enfermería. Os criterios de inclusión e exclusión para o ingreso nesta unidade en concreto, son os seguintes<sup>13</sup> (Táboa I):

*Táboa I Criterios de inclusión e exclusión de HADO Ferrol*

CRITERIOS DE INCLUSIÓN	CRITERIOS DE EXCLUSIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Necesidades de coidados hospitalarios pola súa complexidade e frecuencia asistencial.</li> <li>- Aceptación voluntaria de HADO polo paciente e familiares</li> <li>- Vivenda con teléfono e condicións hixiénicas suficientes.</li> <li>- Residencia dentro da área de cobertura (Ferrol e zonas centro de Narón, Neda e Fene)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Posible resolución do problema por AP.</li> <li>- Rexeitamento de HADO.</li> <li>- Ausencia de coidador cualificado.</li> <li>- Inestabilidade clínica que precise hospitalización.</li> </ul>

Polo tanto, un dos pilares fundamentais dos coidados paliativos domiciliarios é a presenza dun coidador informal, o cal, normalmente, é un familiar próximo ao doente<sup>14</sup>. Este debe ser obxecto dunha especial atención posto que se converterá no responsable da maioría das atencións

físicas e emocionais que precisa o paciente, e a súa labor facilitará as intervencións do equipo sanitario<sup>15,16,17</sup>.

O feito de ser coidador leva consigo unha serie de repercusións na súa saúde. Prodúcese un esgotamento tanto físico como psicolóxico que ao mesmo tempo pode ter repercusións negativas no benestar do paciente, podéndose chegar a un abandono ou maltrato do mesmo por claudicación do coidador<sup>15,18</sup>.

Nunha revisión realizada por Astudillo et al<sup>17</sup> achéganse datos de estudos que afirman que o risco de mortalidade e de complicacións de enfermidades é maior en coidadores de longa duración e ata nun 50% dos casos xorden trastornos psíquicos e elevados niveis de depresión<sup>19,20</sup>.

En ocasións, os coidadores séntense “desbordados” debido a unha ruptura das rutinas cotiás froito da desorganización provocada pola enfermidade do paciente nas súas vidas<sup>14</sup>. Como consecuencia xorden sentimentos de abandono e illamento que deixan ao coidador nunha situación desfavorecedora para facer fronte á perda do membro da familia<sup>21,22</sup>.

Ademais, segundo un estudo de Thomas et al, os coidadores de pacientes que tiveron coidados paliativos teñen unha maior prevalencia de trastornos psicolóxicos durante o loito<sup>23</sup>.

Este defínese como “un proceso psicolóxico normal que se produce a partir da perda pola morte dunha persoa querida. É unha experiencia emocional humana universal, única e dolorosa, que pode delimitarse no tempo, presenta unha evolución previsiblemente favorable e require a necesidade de adaptación á nova situación”<sup>20</sup>.

Nalgúns casos a presenza de distintos factores pode condicionar de forma negativa este proceso, provocando un patrón de adaptación inadecuado. Isto é o que se denomina loito complicado ou prolongado (LC), o cal se caracteriza pola presenza de intensos sentimentos de angustia provocados pola separación do falecido, e sentimentos de incredulidade, desconfianza ou rabia que persisten durante ao menos 6 meses o que provoca problemas para aceptar a perda e incluso deterioro funcional<sup>20,24,25</sup>

No caso dos cuidadores de persoas en CP, segundo un estudo de Wiese et al<sup>26</sup>, ata un 30 % cumpre criterios diagnósticos de LC, en comparación co 10% da poboación xeral amosado nun artigo de Coelho et al<sup>25</sup>.

Noutro estudo realizado por Wright et al. sobre a calidade de vida dos pacientes con cancro avanzado e os predictores de saúde mental no loito dos cuidadores, demostrouse que aqueles pacientes que falecían nun hospital tiñan peor calidade de vida ao final da vida e os seus cuidadores maior posibilidade de desenrolar LC que aqueles que o facían na casa con CP<sup>27</sup>.

Por outra parte, diversos estudos afirman que existen maiores desaxustes no proceso de loito naqueles cuidadores de pacientes crónicos con enfermidades de longa duración<sup>22,25</sup>, o que está en concordancia coas observacións de Aguilera et al que conclúe que no caso das persoas con demencia o loito chega a ser patolóxico na maioría dos casos<sup>28</sup>.

Con todo, no estudo de Coelho et al, citado anteriormente, amósase que non existe unha relación significativa entre o LC e o lugar da morte, duración da enfermidade ou o número de visitas do equipo de cuidados paliativos<sup>25</sup>.

Polo tanto, confírmase a necesidade de seguir investigando sobre o tema xa que existe unha certa ambigüedade sobre cales son os factores de protección e de risco á hora de desenrolar un LC<sup>22,25</sup>.

## 2.1 Xustificación

A figura do cuidador informal é clave durante todo o proceso da enfermidade do paciente e forma parte do principal obxectivo dos CP segundo o cal se deben satisfacer os seus malestares psicolóxicos e espirituais.

Polo tanto, resulta fundamental proporcionar cuidados á persoa responsable do paciente durante todo o proceso de enfermidade como preparación ao loito de forma anticipada ao falecemento, o que permitirá a detección precoz dun LC. Así mesmo, a atención nunca debe finalizar tras

o falecemento do familiar, se non que se debe realizar un seguimento do loito para evitar as complicacións do mesmo<sup>15,17</sup>.

Dito seguimento debería ser realizado pola enfermeira de AP, pero a realidade amosa que, pese a existencia dun sistema de aviso de falecemento dos pacientes pertencentes ao cupo de cada enfermeira de AP, existe un problema de captación de dita poboación, debido a ausencia dunha “rede efectiva de captación, seguimento e control do proceso” quedando a atención relegada a unha demanda por parte dos cuidadores familiares<sup>29,30</sup>.

Xorde así, a pregunta de investigación na que se baseará o presente proxecto: ¿Como afrontan o loito os familiares de persoas con cuidados paliativos domiciliarios unha vez que estes remataron e os profesionais de enfermería de HADO cesan a súa asistencia?

### 3. ESTRATEXIA DE BUSCA DE DOCUMENTACIÓN E BIBLIOGRAFÍA MÁIS RELEVANTE

#### 3.1 Estratexia de busca

A continuación, amósase a estratexia de busca (Táboa II) realizada nas diferentes bases de datos empregada co fin de recoller de forma sistemática a maior cantidade de información posible a cerca da temática a tratar.

A maiores de dita busca, realizouse unha revisión da bibliografía citada nos artigos recompilados, así como unha busca aberta a través de Google para a adquisición de documentación concreta que resultaba necesaria.

Táboa II Estratexia de busca bibliográfica.

PALABRAS CLAVE	BASES DE DATOS	LÍMITES
“Care after death”	Dialnet	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Últimos 10 anos.</li> <li>- Idioma: inglés e castelán.</li> </ul>
“Domiciliary care” AND “death” AND “nurse”	PMC	
“Domiciliary care” OR “caregiver” OR “terminal care” AND “death”	PMC Web of science PMC CINAHL	
“Grief” OR “bereavement” AND “palliative care” OR “terminal care”	PMC Web of science PMC CINAHL	
“Grief” OR “bereavement” AND “palliative care” AND “caregivers”	PMC Web of science PMC CINAHL	
“Domiciliary death” AND “caregivers” AND “grief” OR “bereavement”	PMC Web of science PMC CINAHL	

### 3.2 Bibliografía máis relevante

- Pascual López A, Rodríguez Escobar J, García Pérez C, Rasillo Rodríguez E, Peña-Rey Lorenzo I. Estrategia en Cuidados Paliativos del Sistema Nacional de Salud. Actualización 2010-2014. In: Ministerio de Sanidad PSeI, editor. Madrid: Centro de publicaciones del Ministerio de Sanidad; 2011.

- Sergas. La sanidad pública al servicio del paciente. Xunta de Galicia: Consellería de Sanidade; 2012.
- Ardid Posada T, Barón Duarte FJ, Calvo Mosquera G, Estraviz Corral M, Fernández Fraga C, Facio Villanueva Á, et al. Plan Galego de Coidados Paliativos. In: Saúde CdSSGd, editor. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; 2007.
- Alonso Babarro A, Rafael Ballester A, Díez Cagigal R, Duarte Rodríguez M, García Pérez C, Gómez Batiste-Alentorn X, et al. Estrategia en Cuidados Paliativos del Sistema Nacional de Salud. In: Consumo MdSy, editor. Madrid: Centro de Publicaciones del Ministerio de Sanidad y Consumo.; 2007.

A importancia destes documentos reside en que dan a coñecer a situación dos CP no ámbito galego respecto á poboación xeral do noso territorio e os distintos dispositivos ofertados no mesmo. Ademais ofrecen unha visión da labor de cada un deles, incluíndo a HADO en dito ámbito. Polo tanto, ofrecen un acercamento á situación actual do tema de estudo no territorio galego.

- Coelho A, Delalibera M, Barbosa A, Lawlor P. Prolonged Grief in Palliative Family Caregivers: A Pilot Study in a Portuguese Sample. *Omega-Journal of Death and Dying*. 2015;72(2):151-64.

Este artigo é fundamental xa que basea a súa investigación na análise de factores que poden desencadear nun LC en cuidadores de persoas en CP. Os resultados de dito estudo son dunha elevada relevancia xa que facilitan a comparación cos obtidos noutras investigacións permitindo chegar a conclusión da insuficiente investigación a cerca do tema a tratar.

#### 4. HIPÓTESE

A investigación cualitativa estuda os fenómenos interesándose polos significados e valores humanos no seu contexto natural, intentando encontrar o sentido ou a interpretación dos mesmos a partir dos significados que as persoas lles conceden.

Posto que nos atopamos ante un proxecto de investigación cualitativa, non podemos formular unha hipótese como tal, xa que estas emerxerán da realidade que se vai estudar. Aínda así, a revisión de documentación e da literatura pode xerar no investigador conxecturas que servirán como punto de inicio na investigación, e que se irán afinando coa recompilación de datos.

Así, en dito proxecto partimos da premisa de que os cuidadores de pacientes en CP domiciliarios teñen insatisfeitas as súas necesidades psicosociais durante o proceso de loito tralo falecemento da persoa receptora de cuidados, feito que pode estar relacionado co desenrolo de loito patolóxico.

## 5. OBXECTIVOS

### 5.1 Obxectivo xeral.

- Identificar as necesidades psicosociais percibidas polos cuidadores informais que inician o proceso de loito tralo falecemento do paciente en cuidados paliativos domiciliarios.

### 5.2 Obxectivos específicos.

- Describir as experiencias dos participantes (cuidadores, enfermeira de HADO e enfermeiras de AP) no proceso de afrontamento do loito
- Coñecer os recursos de apoio ao loito ofertados polo Sergas na nosa comunidade.
- Nomear os puntos de intervención enfermeira no loito de cuidadores informais de persoas con CP domiciliarios.

## 6. METODOLOXÍA

### 6.1 Posición da investigadora.

O presente proxecto xorde do contacto con HADO Ferrol, durante a realización das Estancias Prácticas III do Grao en Enfermería, a través da Universidade de A Coruña (UDC).

Durante este período de tempo observouse a labor de dita unidade na atención a pacientes en CP e á súa familia durante o proceso de



enfermidade ata o falecemento. Percibiuse que unha vez falecido o paciente, HADO trataba de realizar unha primeira visita de atención ao loito ao coidador principal, a cal se realizaba de forma voluntaria e altruísta.

Unha vez realizada dita visita, apreciouse que non se realizaba ningún tipo de seguimento no loito ao coidador principal debido a unha rede ineficaz de captación, seguimento e control de dito proceso entre os distintos niveis asistenciais, que permitira, así, a detección precoz de complicacións no proceso de loito.

## 6.2 Tipo de estudio.

O tipo de metodoloxía que se empregará no presente traballo será de tipo cualitativo xa que se pretende lograr unha comprensión e interpretación da realidade a partir das experiencias persoais dos participantes, co fin de crear un novo coñecemento<sup>31</sup>. Trátase dun proceso sistemático de recollida e análise de datos que pretende lograr unha maior comprensión dos individuos<sup>32</sup>.

O seu deseño será realizado baixo os supostos da Teoría Crítica, cuxo obxectivo principal, segundo Habermas, é o interese emancipador centrado na liberación dos individuos a través da reflexión crítica e da autorreflexión para o entendemento mutuo. Dito obxectivo será logrado a través da acción comunicativa que implica un entendemento e consenso entre os participantes, co fin de identificar os problemas e desenrolar puntos de vista comúns en colaboración co investigador, o cal asumirá o rol de axente de cambio<sup>33</sup>.

Neste contexto teórico, empregarase unha estratexia de investigación acción-participativa, posto que o obxectivo deste proxecto é coñecer as necesidades psicosociais dos coidadores informais que inician o proceso de loito tralo falecemento do paciente en CP domiciliarios, así como identificar o papel que desempeñan os profesionais de enfermería en dito proceso. Así, o fin último será lograr un cambio na práctica clínica e promover así unha intervención axeitada neste campo.

A investigación acción-participativa foi definida por Vio Grossi (1988) como “un enfoque da investigación social mediante o cal se busca a plena participación da comunidade na análise da propia realidade co fin de promover a transformación social para o beneficio dos participantes na investigación”<sup>34</sup>.

Caracterízase pola pretensión de xerar os coñecementos necesarios referentes a unha problemática co fin de definir as accións axeitadas que promovan o cambio, transformación e mellora da realidade social.

Este tipo de investigación consta de catro etapas de carácter cíclico caracterizadas pola interacción de todas elas, das cales, no presente traballo, se levará a cabo unicamente a primeira<sup>34</sup>:

- Identificación dunha situación problemática.
- Elaboración dun plan de actuación.
- Desenrolo e posta en práctica do plan.
- Interpretación de resultados e avaliación

### 6.3 Entrada ao campo.

A entrada ao campo realizarase a través de HADO Ferrol, gracias á colaboración dunha das enfermeiras titulares deste servizo, que figurará como titora do presente proxecto e como investigadora colaboradora, asinando o compromiso como tal (Anexo I).

Esta será a encargada de dar a coñecer o traballo de investigación e solicitarlle aos cuidadores a súa participación no estudo. Isto farase mediante a folla informativa e o consentimento informado (CI) (Anexo II e III), que se entregará na primeira visita que HADO realice aos seus fogares, ao mesmo tempo que se proporciona diversa información relacionada coa nova situación na que se atopan. Polo tanto, atopámonos ante un estudo de carácter prospectivo.

### 6.4 Selección de informantes.

A selección da poboación de estudo baséase nunha mostraxe teórica intencional, segundo a cal, se escollerán aqueles informadores clave identificados mediante a análise de datos conceptuais e teóricos que poden

aportar a información requirida para estudar o fenómeno en profundidade e lograr os obxectivos do estudo<sup>31</sup>.

A mostra estará formada por dous grupos de informantes e contarase tamén, coa participación da investigadora colaboradora, como informante clave, debido á súa intervención no ámbito de estudo como enfermeira de HADO. Os participantes pertencentes a ambos grupos serán seleccionados en base aos criterios de inclusión e exclusión que se amosan na seguinte táboa (Táboa III):

*Táboa III Criterios de inclusión e exclusión no estudo*


	<b>CRITERIOS DE INCLUSIÓN</b>	<b>CRITERIOS DE EXCLUSIÓN</b>
<b>COIDADORES DE PERSOAS FALECIDAS CON CP DOMICILIARIOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ser atendidos por HADO Ferrol.</li> <li>- Ser o cuidador ou cuidadores rexistrados na Historia Clínica do paciente.</li> <li>- Ser cuidador dunha persoa falecida no ámbito hospitalario que foi seguida por HADO ata o momento do ingreso*.</li> <li>- Asinar o CI.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Non ter sido o cuidador principal da persoa falecida.</li> </ul>
<b>ENFERMEIROS DE AP</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pertencer a área de cobertura de HADO Ferrol**.</li> <li>- Asinar o consentimento informado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ter unha experiencia inferior a 2 anos no posto de enfermeira de AP.</li> </ul>

\* En ocasións ocorre que, en pacientes en CP con HADO nunha situación de últimos días ou horas, o cuidador principal pode verse saturado e decide o ingreso do paciente nunha UCP.

\*\* Os centros de saúde (CS) correspondentes a área de cobertura de HADO Ferrol son: CS Fontenla Maristany (Ferrol), CS de Caranza, CS de Fene, CS de Narón, Consultorio do Val e CS de Neda (Anexo IV )

### 6.5 Recollida de información.

Posto que nos atopamos ante un estudo de tipo cualitativo abordado dende unha perspectiva de acción-participación, para a recollida de datos empregaranse dúas técnicas claramente diferenciadas. Por unha parte levaranse a cabo entrevistas individuais a cada un dos cuidadores informais participantes no estudo e por outra parte realizaranse sesións con grupos de discusión para os participantes profesionais de enfermería e mixtos (Figura I).




*Figura I Recollida de información*

As entrevistas serán semi-estructuradas e realizadas cara a cara (Anexo V). Isto propiciará unha maior participación, permitirá unha observación da comunicación non verbal do participante e facilitará a abordaxe de cuestións máis complexas sobre as súas experiencias, sentimentos e opinións a cerca do tema a tratar.

Unha vez ocorrido o falecemento do paciente, deixarase o prazo dun mes para retomar o contacto telefónico co cuidador principal, co fin de evitar unha visita inesperada que podería xerar sentimentos de incomodidade.

Nese momento, concretarase unha visita que non sobrepasará os 3 meses dende a defunción do paciente. Este considérase o prazo axeitado que nos permitirá unha recollida de información obxectiva sen que exista unha excesiva dor pola recente perda dun ser querido, e sen que comecen a desvanecerse os sentimentos xurdidos polas experiencias vividas. Na mencionada visita, realizarase unha única entrevista que preferiblemente será levada a cabo no seu domicilio, e no seu defecto, nas instalacións de HADO Ferrol (Figura II).



*Figura II Proceso de entrevista a cuidadores*

Por outra parte, os profesionais de enfermería dos diferentes CS participarán en grupos de discusión compostos por unha mostra do arredor de 8 persoas. Estarán guiados pola investigadora principal que exercerá como moderadora, e promoverá un ambiente relaxado que lle permita ós participantes manifestar as súas experiencias.

Unha vez realizadas as entrevistas individuais e os grupos de discusión dos profesionais, procederase á creación de grupos de discusión mixtos formados por 4 cuidadores informais e 4 profesionais de enfermería. O obxectivo dos mesmos será identificar as necesidades e experiencias dos

distintos participantes co fin de facilitar un proceso de conciliación de intereses comúns e busca de solucións.

Ditos participantes serán seleccionados pola investigadora, en función das entrevistas e dos grupos de discusión iniciais, as súas habilidades comunicativas e contando coa presunción de que aporten a diversidade suficiente para contrastar opinións e acadar a interacción que se pretende.

As reunións realizaranse nas instalacións de HADO Ferrol e terán unha duración aproximada de hora e media. Todas elas, serán gravadas en audio e transcritas, previo consentimento de todos os informantes.

Por último, o investigador fará uso dun diario de campo onde se rexistrarán todas impresións e aportacións non verbais que xurdan durante as diferentes reunións.

#### 6.6 Estratexia de análise de datos.

A finalidade da análise de datos cualitativos é ordenar a gran cantidade de información que se obtén das distintas fontes como poden ser observacións, entrevistas ou diarios de campo.

Trátase dun proceso non lineal que supón una sucesión de ciclos de preguntas e respostas co obxectivo de sintetizar, interpretar e dar a coñecer a información<sup>31</sup>.

Fernández, baseándose nos traballos de Álvarez-Gayou, Rubin e Miles e Huberman, resume a análise de datos en varios pasos ou fases<sup>35</sup>:

- Obter a información.
- Capturar, transcribir e ordenar a información.
- Codificar a información.
- Integrar a información.

No presente traballo a recollida de información levarase a cabo mediante entrevistas e grupos de discusión, os cales, como se dixo anteriormente serán gravados en audio, e un diario de campo que se realizará mediante notas manuscritas en papel. Posteriormente, realizarase unha transcripción

literal das gravacións de entrevistas e grupos de discusión que estarán correctamente identificadas cun sistema de números e letras co fin de garantir a confidencialidade dos participantes (Táboa IV).

*Táboa IV Sistema de codificación de datos*

<b>Entrevista coidadores (E)</b>	Número de entrevista		EP1, EP2, EP3...
<b>Grupo focal (G)</b>	Profesionais (P)	Número de grupo	GP1, GP2, GP3...
	Mixto (M)	Número de grupo	GM1, GM2, GM3...
<b>Diario de campo (D)</b>	Código de grupo focal		DGP1, DGP2... DGM1, DGM2...

Unha vez preparado o material de análise, comezarase unha fase de comprensión e síntese, na que se releerán os datos co fin de acadar a saturación completa a cal se produce cando os novos datos non proporcionan información adicional.

Nestas lecturas a investigadora resaltarán aquelas partes dos textos que lle proporcionen unha información importante relacionada coa pregunta de investigación o que permitirá o inicio da fase de codificación.

Este proceso consiste na agrupación da información obtida en categorías que concentran as ideas, conceptos ou temas similares descubertos pola investigadora e permiten a fácil identificación de segmentos de texto relacionados cos obxectivos do estudo.

Esta etapa deixa paso á fase de integración da información que consiste en relacionar as diferentes categorías de xeito que se poidan observar similitudes e diferencias, analizar contrastes entre elas e comparar

aspectos dentro dunha mesma categoría, o que permitirá desenrolar diversas explicacións ou teorías do fenómeno de estudo<sup>31,35</sup>.

#### 6.7 Limitacións e fortalezas do estudo.

A principal limitación do estudo é a dificultade de abordaxe do propio tema de estudo o cal se realizará nunha etapa persoal complicada, como é o loito. Isto dificultará a vontade de participación e a captación de experiencias de xeito máis profundo.

Por outra parte, o feito de que a recollida de datos se realice nese momento, fai que a principal limitación do estudo sexa ao mesmo tempo o punto forte, debido a escaseza de estudos realizados nesta etapa vital.

#### 6.8 Aplicabilidade

